

# **1.2 ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS**

**EXPEDIENTE**

O prego de condicións e demais documentos que integran o expediente quedan a disposición dos posibles licitadores na Intervención do Concello, durante o prazo de presentación de proposicións.

Tomiño, 28 de marzo de 1995.—O Alcalde, ilexible. 4358

**E D I T O**

En virtude do disposto no artigo 17.3 da Lei 39/88, de 28 de decembro, elévase a definitivo o acordo adoptado polo Pleno Municipal na sesión de 18-2-95, polo que se aprobaba provisionalmente a modificación do coeficiente de incremento sobre as cotas mínimas fixadas nas tarifas do Imposto sobre Actividades Económicas (IAE), sen prexuízo dos recursos establecidos no artigo 19.1 da devandita lei.

De conformidade co artigo 17.4 da Lei 39/88 publicase a continuación o texto íntegro da mesma:

*Ordenanza fiscal do Imposto sobre Actividades Económicas*

*Artigo 1.*—De conformidade co previsto no artigo 88 da Lei 39/88, do 28 de decembro, o coeficiente do Imposto sobre Actividades Económicas aplicable neste concello fixase nos términos que se establecen no artigo seguinte.

*Artigo 2.*—Para tódalas actividades exercidas neste término municipal, as cotas mínimas das tarifas do Imposto sobre Actividades Económicas incrementaranse mediante a aplicación sobre as mesmas o coeficiente único do 1,3.

*Disposición final.*—A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no "Boletín Oficial" da provincia, e aplicarase a partir do día 1 de xaneiro de 1995, permanecendo en vigor ata a súa modificación o derrogación expresa.

Tomiño, 6 de abril de 1995.—O Alcalde, ilexible.

4772

\* \* \*

**REDONDELA****A N U N C I O**

O Concello Pleno en sesión de data 3 de abril, aprobou o Prego de Condicións para traballos de asistencia técnica letrada en procedementos xudiciais.

De conformidade co indicado no art. 122 do R.D.L. 781/86, de 18 de abril, exponse ó público o Prego aprobado ó obxecto de que durante os oito días seguintes ó de inserción deste anuncio poidan presentarse reclamacións. O mesmo tempo anúnciase licitación no seu caso resguardado en caso de

que se formulen reclamacións contra o prego de condiciones.

*Obxecto.*—Asistencia técnica letrada en procedementos xudiciais.

*Procedemento de selección.*—Concurso.

*Orzamento.*—1.250.000 pesetas/anuais, IVE incluido.

*Prazo.*—5 anos.

*Presentación de ofertas.*—Na oficina de Secretaría Xeral do Concello, dentro do prazo de vinte días a contar dende o seguinte ó de publicación deste anuncio no B.O.P., se o último día coincidira en sábado o prazo entenderase prorrogado ata o día hábil seguinte. As ofertas presentaranse en dous sobre pechados co nome e sinatura do ofertante na súa parte externa, e de acordo coas seguintes características.

*Sobre número 1.*—Documentación para contratación por medio de concurso de asistencia técnica letrada en procedementos xudiciais.

1.—Fotocopia do D.N.I. do ofertante ou da persoa que actúe no seu nome e poder bastanteado no seu caso.

2.—Escritura de constitución ou modificación en caso de sociedade, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil.

3.—Declaración de non atoparse incurso nas causas do art. 9 da Lei de Contratos do Estado, nin nos supostos de incompatibilidade de persoal ó servicio das Administracións Públicas (Lei 33/94).

4.—Xustificante de atoparse colexiado para o exercicio da Avogacía.

5.—Declaración de atoparse ó corrente nas obligas tributarias e de Seguridade Social.

*Sobre número 2.*—Documentación técnica e económica do concurso de asistencia técnica letrada en procedementos xudiciais:

— Memoria na que conste experiencia en traballos de asistencia e defensa xurídica a Administracións Locais.

— Despacho aberto no término municipal de Redondela.

— Proposición económica conforme ó modelo adxunto, poidéndose modificar á baixa o presupuesto de gasto sinalado.

*Fianzas.*—Definitiva do 4% do prezo de adxudicación.

*Consulta do Expediente.*—Na Secretaría do Concello de 9,00 a 13,00 horas.

*Gastos.*—O presente anuncio será por conta do adxudicatario.

*Apertura de ofertas.*—O día seguinte hábil, non sábado a aquél no que remate o prazo de presentación de ofertas.

*Adxudicación.*—Levarase a cabo polo Concello